


Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local:

Dona Socorro García Conde.  
Dona Mar Martín García.  
Don Bernardino Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Josefina Elvira Cienfuegos López.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Dona Rosa Fernández Somoza  
Don Xosé Manuel Iglesias Iglesias

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a **sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local** que terá lugar o **día 19 de abril de 2011, ás 10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de actas de sesións anteriores.
- 2.- Solicitudes de licenzas de obras.
- 3.- Devolución de fianzas.
- 4.- Recepción de obras.
- 5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.
- 6.- Proposta das concelleiras delegadas de Urbanismo e Rehabilitación e Cidade Histórica, de aprobación do proxecto de ordenanza de tramitación de actividades.
- 7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo en relación co recurso de reposición, formulado contra o acordo de aprobación definitiva da Conta de liquidación definitiva da rúa da Queimada, pola Comunidade de Propietarios número 22 da rúa da Queimada.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección dos erros e actualización da Conta de liquidación definitiva da rúa da Queimada.

9.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación das bases reguladoras e convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2011/2012.

10.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de incidencia por solicitude de baixa de bolsas de comedor escolar.

11.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela para o ano 2011.

12.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa Asociación de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS) para o ano 2011.

13.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa Cociña Económica para o ano 2011.

14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa Fundación Monte do Gozo-proxecto Home Galicia para o ano 2011.

15.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos de Enfermos Mentais para o ano 2011.

16.- Prórroga do contrato de Servizo de Centro de Atención ó Usuario (CAU) para o departamento de Informática do Concello de Santiago de Compostela

17.- Adxudicación das Obras de Consolidación de muros existentes no Palacete sito na Finca do Espiño

18.- TRANSMISIÓN LICENZA AUTOTAXI NÚM. 70 A FAVOR DE RAMÓN PENAS RIVADULLA

19.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa a incentivos por xubilación á idade ordinaria e anticipada de varios funcionarios.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativo a aprobación do gasto para a dinamización e xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

21.- Aboamento por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.

22.- Dar conta da sinatura do convenio entre o CIFP Compostela e o Concello de Santiago.

23.- Dar conta da resolución da concellería delegada de Servizos relativa á autorización para a execución de obras de alumeado.

24.- Propostas da Alcaldía relativas á representación e defensa xudiciais.

25.- Dar conta de Autos e Sentenzas xudiciais.

26.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

27.- Correspondencia.

28.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011

**O Alcalde**

**Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo**